



Cuestionario Proust: Miriam Couceiro Castro, escritora e socióloga

[Lecturafilia](#) 27 de decembro de 2021

<https://lecturafilia.com/2021/12/27/cuestionario-proust-miriam-couceiro-castro-escritora-e-sociologa/>

Miriam Couceiro Castro é escritora, socióloga e doutora en Equidade e Innovación Educativa pola Universidade da Coruña. Coruñesa de adopción, comezou o seu activismo feminista no Observatorio de Igualdade e a Plataforma Feminista Galega. No ano 2013 gañou o I Concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero “Ángeles Alvariño”, da UDC, co seu traballo *O feminismo en Galiza: Rural e Urbano*. Dende 2015 participa en coloquios e conferencias sobre activismo feminista e a situación das mulleres galegas. Este ano vén de publicar na editorial Galaxia *A Galiza feminista. Tebras e alboradas*, no que analiza o movemento feminista no país.

Coñecémola un pouco máis neste Cuestionario Proust:

1. O principal trazo do teu carácter? **Paixón e perfeccionismo.**
2. Que calidade aprecias máis nun home? **Sensibilidade.**
3. E nunha muller? **Sensibilidade.**
4. Que agardas das túas amizades? **Confianza, compañía e compartir proxectos.**
5. O teu principal defecto? **Dubidar de min mesma.**
6. A túa ocupación favorita? **Escribir e medrar cara dentro.**
7. O teu ideal de felicidade? **Círculo pequeno, esfera privada, corazón tranquilo, mente clara e medrar cara dentro.**
8. Cal sería a túa maior desgraza? **Ser unha persoa dependente dos demais ou estar viva sen poder vivir a vida.**
9. Que che gustaría ser? **Consciente, meiga e propietaria dunha enorme granxa de Alpacas.**
10. En que país desexarías vivir? **Galiza, Portugal ou Canadá.**
11. A túa cor favorita? **Morado, verde e negro.**

12. A flor que máis che gusta? **Orquidea Phalensis e as margaridas.**
13. Que paxaro prefires? **O colibrí e o fénix.**
14. Os teus autores/as favoritos en prosa? **Clarice Lispector, Isabel Allende, Berta Dávila, Edgar Allan Poe.**
15. E poetas? **Os poetas de cemiterio en xeral, Rosalía e Gioconda Belli.**
16. Un heroe de ficción? **Dumbeldore porque sempre agarda o mellor das persoas.**
17. Una heroína? **Paquita Salas.**
18. O teu músico ou música favorito/a? **Adele, Laura Pausini, Supertramp, Silvia Penide e Pili Pampín porque alegre moito nas festas.**
19. O teu pintor ou pintora preferido/a? **Tamara de Lempicka.**
20. O teu heroe ou heroína na vida real? **A miña afillada.**
21. O teu nome favorito? **Amara, Edelweiss e Aníbal.**
22. Que hábito alleo non soportas? **A impuntualidade.**
23. Que é o que máis detestas? **A xente que fala do corpo dos demais.**
24. Unha figura histórica que che poña mal corpo? **Napoleón e os Reis Católicos (os dous).**
25. Un feito histórico que admires? **Todo o que fixeron por nós as sufraxistas.**
26. Que virtude desexarías posuír? **Máis prudencia.**
27. Como che gustaría morrer? **Durmindo, de maior e despois dunha vida plena.**
28. Cal é o estado máis común do teu ánimo? **Alegre e melancólico – cálido.**
29. Que defectos che inspiran maior indulxencia? **A desorganización.**
30. Tes unha máxima ou lema de vida? **Mellorar día a día e intentar non lastimar nin lastimarme.**